

# SEMANA SANTA 2012

## PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

**Prazo de inscrición: entre o 24 de febreiro e o 7 de marzo**

**DATAS DE REALIZACIÓN DO PROGRAMA:** 2, 3, 4 e 9 de abril de 2012.

**DESTINATARIOS:** nenos e nenas que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e o 3º Ciclo de Educación Primaria de Santiago.

**LUGARES DE REALIZACIÓN DO PROGRAMA:**

CEIP Monte dos Postes (Rúa das Fontiñas, 79)  
CEIP Raíña Fabiola (Rúa Entregaleras, 15)

### OBXECTIVOS

#### OBXECTIVO XERAL

Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

#### OBXECTIVOS ESPECIFICOS:

- Promover actividades que favorezan a diversión creando un ambiente lúdico.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Potenciar actitudes de valoración e respecto cara o entorno físico e natural.
- Dar a coñecer que é o medio ambiente, a natureza e a importancia que ten que todos debemos coidar dos mesmos.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

### HORARIOS E SERVIZOS QUE SE OFRECEN:

De 7,45 h. ata ás 15,30 h., coas seguintes modalidades:

- De 7,45 a 9,00 h. Servizo de Madrugadores
- De 9,00 ás 14,00 h. Obradoiros e Actividades
- De 14,00 ás 15,30 h. Servizo de Comedor

### TIPO DE ACTIVIDADES

Dentro do programa, intercalaranse actividades LUDICAS, DEPORTIVAS, XOGOS E OBRADOIROS.

#### TÍTULO DO PROGRAMA “ A EXPEDICIÓN”

O medio ambiente condiciona a vida dos seres vivos e da sociedade por iso o eixe temático do programa é concienciar da importancia do **medio ambiente** e da **natureza**, sen esquecernos da reciclaxe e coñecemento do entorno que nos rodea.

Por iso os obradoiros, rutas e xogos que se propoñen xirán arredor da concienciación dos máis pequenos nestes temas, sen esquecer que é tempo de troula, alegría e diversión.

# SEMANA SANTA 2012

## PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

**Prazo de inscrición: entre o 24 de febreiro e o 7 de marzo**

- Ambientación do campamento
- Obradoiro de manualidades con materiais de refugallo
- Xogos e ximcanas
- Teatro
- Roteiros
- Elaboración de cadernos de campo
- Obradoiros de compás e mapa

### INSCRICIÓN

#### PRAZO DE INSCRICIÓN

Do 24 de febreiro ao 7 de marzo de 2012

#### FORMA DE INSCRICIÓN E LUGAR DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

Mediante a ficha de solicitude correspondente que deberá entregarse cuberta no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende, 4) ou no auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal o Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16), en persoa ou por correo certificado, baixo a epígrafe Programa de Conciliación SEMANA SANTA 2012. Ademais, poderán presentarse en calquera dos rexistros ou oficinas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

### MODALIDADE E PREZOS

SERVIZO	HORARIO	COMPLETO (4 días)		DÍAS SOLTOS (Prezo por día)	
		Sen desconto	Con desconto*	Sen desconto	Con desconto *
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7,45 ás 15,30 h	<input type="checkbox"/> ...74,00	<input type="checkbox"/> ...59,20	<input type="checkbox"/> ....18,50	<input type="checkbox"/> .....14,80
Modalidade completa:madrugadores sen almorzo, comedor e actividades)	De 7,45 ás 15,30 h	<input type="checkbox"/> ...71,00	<input type="checkbox"/> ...56,80	<input type="checkbox"/> ....17,75	<input type="checkbox"/> .....14,20
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7,45 ás 14 h.	<input type="checkbox"/> ...50,00	<input type="checkbox"/> ...40,00	<input type="checkbox"/> ....12,50	<input type="checkbox"/> .....10,00
Modalidade madrugadores sen almorzo e actividades	De 7,45 ás 14 h.	<input type="checkbox"/> ...47,00	<input type="checkbox"/> ...37,60	<input type="checkbox"/> ....11,75	<input type="checkbox"/> ..... 9,40
Modalidade comedor e actividades	De 9 ás 15,30 h.	<input type="checkbox"/> ...64,00	<input type="checkbox"/> ...51,20	<input type="checkbox"/> ....16,00	<input type="checkbox"/> .....12,80
Modalidade só actividades	De 9 ás 14 h.	<input type="checkbox"/> ...40,00	<input type="checkbox"/> ...32,00	<input type="checkbox"/> ...10,00	<input type="checkbox"/> .....8,00

### CRITERIOS DE ADMISIÓN

Poderá participar calquera neno ou nena que curse estudos en centros de educación infantil e primaria entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e o 3º Ciclo de Educación Primaria de Santiago. Se existen prazas vacantes atenderanse outras solicitudes.

# SEMANA SANTA 2012

## PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

**Prazo de inscrición: entre o 24 de febreiro e o 7 de marzo**

En caso de non cubrirse un número mínimo de participantes en cada escola, fixado en 20 matriculados, non se realizará a actividade.

Será prioritario a atención as familias con nenos/as que soliciten a participación en todo o período de duración do programa. Atenderanse solicitudes con carácter puntual no caso de existir prazas dispoñibles, unha vez finalizado o proceso de inscrición.

A inscrición no programa supón a aceptación e o compromiso das normas emitidas polo Concello de Santiago. O incumprimento das mesmas dará lugar á perda do dereito de participación neste programa municipal.

Aplicaranse descontos do 20% aos participantes que acrediten ser familia numerosa e se participan dous o máis irmáns nesta mesma oferta (estes descontos non son acumulativos).

### **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**

- Ficha de inscrición, cuberta (descargar na [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org))
- Unha fotografía.
- Copia do título de Familia Numerosa (se é o caso).
- Fotocopia cartilla sanitaria.

*No momento do pago deberán indicar o nome do/a neno/a e a modalidade na que participa.*

**FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA:** unha vez rematado o prazo de inscrición darase a coñecer o prazo de formalización de matrícula, o número de conta donde realizar o ingreso e a relación de admitidos e excluídos.